

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO: CEP SABARÍS**

**CURSO: 5ºB**

**MATERIA: CIENCIAS NATURAIS.**

**DATA: LUNS 11 DE MAIO DE 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directas e indirectas e comunicando os resultados.	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, reflexiona sobre o proceso seguido e comunícaa oralmente e/ou por escrito.
	Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.
Comunicar de forma oral e escrita os resultados obtidos tras a realización de diversas experiencias, presentándoos con apoios gráficos	Utiliza, de maneira adecuada, o vocabulario correspondente a cada un dos bloques de contidos
	Expón oralmente, de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos
Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e dos seus compañeiros, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais.	Presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa en soporte papel ou dixital.
Coñecer o funcionamento do corpo humano: células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados, etc.	Identifica e describe as principais características das funcións vitais do ser humano.
	. Identifica as principais características dos aparellos (respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor) e explica as principais funcións.
Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables, sabendo as repercusións para a saúde do seu modo de vida.	Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga, etc.).

	Comprende, asume e valora o coidado do corpo e a mente e de adquirir hábitos saudables para previr riscos e enfermidades.
	Coñece e utiliza técnicas de primeiros auxilios, en situacións simuladas e reais.
Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.	Identifica e escribe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, identificando as principais características e funcións de cada un deles.
Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	Observa e identifica as características e clasifica os seres vivos: ☑ Reino animal. ☑ Reino das plantas. ☑ Reino dos fungos. ☑ Outros reinos.
	Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.
	Explica o proceso de fotosíntese e de respiración das plantas: a obtención de auga, sales minerais e dióxido de carbono.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos: Avaliación continua, global, formativa e de diagnóstico. Se avaliará as aprendizaxes e competencias imprescindibles desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, repaso, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas durante o terceiro trimestre.</p>
	<p>Instrumentos: Valoración cuantitativa e cualitativa do avance individual. Seguimento e valoración das actividades de repaso , reforzo e ampliación do terceiro trimestre. Traballos de investigación, actividades telemáticas e exercicios por escrito. Actividades globalizadoras e interdisciplinares. Probas escritas. Avaliar competencias. Rutinas de traballo e hábitos de estudo. Técnicas de estudo. Observación directa e indirecta. Comunicación coas familias e alumnado.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Os criterios de cualificación atenderán aos seguintes porcentaxes: -Probas específicas orais e escritas.Aprendizaxes e competencias imprescindibles: 50% -Actividades de reforzo, repaso e recuperación:30 % - Integración na comunidade escolar, cumprimento de responsabilidades, rutinas de traballo e hábitos de estudo:10 % -Interese, participación e colaboración:10 %</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Avaliación continua e global.</li> <li>- Consecución das aprendizaxes e competencias imprescindibles.</li> <li>- Consecución dos obxectivos mínimos curriculares.</li> <li>- Seguimento e observación das actividades desenvolvidas.</li> <li>- Participación, colaboración e interese</li> <li>- Grao de cumprimento da temporalización establecida.</li> </ul>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Aprendizaxes e competencias imprescindibles: 50%</li> <li>-Actividades de reforzo, repaso e recuperación:30 %</li> <li>- Implicación activa, interese e esforzo: 20%</li> </ul>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>-Metodoloxía a distancia ( non presencial).</li><li>-Actividades globalizadoras e interdisciplinares de repaso e reforzo.</li><li>-Actividades de ampliación e profundización.</li><li>-Realización de traballos por escrito.</li><li>-Traballo por tarefas.</li><li>-Actividades interactivas online.</li><li>-Técnicas de estudo: resumo, esquema e subrayado.</li><li>-Modelo experimental.</li></ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>-Todo o alumnado está localizable e dispón de conexión dixital.</li><li>- Utilízase a paxina web do colexio para o envío e publicación das actividades de reforzo, repaso e consolidación das aprendizaxes imprescindibles.</li><li>-Espazo Abalar e correo electrónico para comunicación, envío e correccións das tarefas.</li></ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>-Libros de texto.</li><li>-Xornais dixitais.</li><li>-Actividades e xogos interactivos.</li><li>-Fichas, exercicios e tarefas por escrito e telemáticamente.</li><li>-Páxina web do colexio.</li><li>-Plataforma Abalar.</li><li>-Correo electrónico.</li></ul>

### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Información e comunicación as familias a través da paxina web do colexio e por correo electrónico.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.